

Xacemento Aldea da Rousía

010202

Datos de Localización

| | |
|-------------------------|---------------------------------------|
| Nomenclator: | 3200507 |
| Coord. UTM: | X: 604816 Y: 4640383 |
| Concello: | Baltar |
| Parroquia: | VILAMAIOR DA BOULLOSA |
| Lugar: | Montecelo |
| Tipoloxía: | Xacementos Arqueolóxicos |
| Tipo: | Xacementos Indeterminados |
| Subtipo: | Xacemento Indeterminado |
| Denominación: | Xacemento Aldea da Rousía |
| Etapa Histórica: | Idade Media |
| Estilo relevante | Indeterminado |

Xacemento Indeterminado



Outros Estilos:

Descrición:

Partindo de Baltar, coller a estrada que se dirixe cara a Portugal. Percorridos aproximadamente uns 4 kilómetros, a uns 300 metros do cruce que se dirixe cara a Boullosa, desviarse á esquerda por unha pista de terra que baixa cunha forte pendente. No rechán, unha vez pasado o regato, coller unha ruta de senderismo existente á dereita- en dirección sur- que desemboca na propia Rousía. Ubícase na parte baixa da ladeira oeste que baixa dende a serra do Larouco, aos pés da cal discorre o río da Rousía.

Na actualidade a Aldea da Rousía atópase en ruínas, ocupado o seu espazo por unha densa carballeira, xusto na ribeira dereita do río do mesmo nome. Este asentamento componse por unha moi abundosa cantidade de vivendas ou estruturas, de planta xeralmente rectangular e realizadas en mampostería ou sillares irregulares de granito, ocupando unha ampla extensión de terreo. Estas estruturas agrúpanse en "barrios"-nalgúns vense aínda grandes pedras fincadas ao comezo das rúas, a modo de marcos, dos que algún aínda conserva o gravado dunha cruz- dispostos segundo un trazado hipodámico das rúas que os enmarcan. Entre os restos das estruturas visibles aparecen pías rectangulares en granito.

Ao comezo deste asentamento, no lado N, existe un pequeno outeiro chamado "O Outeiro da Santa", onde existíu unha capela adicada a Santa Isabel (unha talla desta santa apareceu soterrada aos pés do outeiro, hoxe atópase no capela de Montecelo). As súas coordenadas son: X: 604792, Y: 4640573.

Na actualidade a densa maleza somentes deixa ver os alicerces destas estruturas.

Coordenadas:

sur: X: 604991, Y: 46400054

este: X: 605183, Y: 4640215

oeste: X: 604603 Y: 4640181

Atopamos unha serie de referencias a dita capela nos seguintes libros:

-libro 1.14.8 da BOULLOSA, no fol.63 aparecen unha serie de bens que donou a Condessa de Monterrey para as festividades do glorioso San Antonio de Santantuiño e para a visitación de santa isabel.

-libro 4.14.12 da BOULLOSA, no fol.7v na visita do 20 de xuño de 1679 "... Ay una hermita de Santantuiño y otra donde esta el santísimo = Ay otra en el lugar de lo rousía de santa ysavel..."

DOCUMENTACIÓN:

-Ficha de inventario de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia. Clave de identificación: GA32005001.

-A.H.D.OU.

BOULLOSA

Libro 1.14.8.

Libro 4.14.12.

Características Construtivas

Plantas:

Edif. Anexas:

Mat. Fachada:

Mat. Estrutura:

Mat. Cuberta:

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 200 m.

Protección

Tipo de ben: Inventariado

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: -----

Proposta Nivel de Protección Arq. -----

Grao de Protección Arq.: Grupo II

Proposta Grao de Protección Arq.

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Regular

Uso Actual: Densa carballeira

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións: A vexetación cubre toda a superficie impedindo obter unha visión global do asentamento, existindo partes non visibles.

Bens Mobles













